



**PLAN PROA:**  
**PROGRAMAS DE APOIO E REFORZO A CENTROS**  
**EDUCATIVOS DE E. SECUNDARIA**  
**CURSO 06/07**

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS CENTROS  
PARTICIPANTES**

- Solicitud de participación no programa (Data límite de envío: 20/6/06; e-mail: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)).
- Certificación da aprobación da participación no programa por parte do Claustro (Data límite de envío: 20/6/06; e-mail: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)).
- Certificación da aprobación no programa por parte do Consello Escolar (Data límite de envío: 20/6/06; e-mail: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)).
- Proxecto (Data límite de envío: 15/9/06; e-mail: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)).
- Ao finalizar o curso, memoria de participación no programa (Data límite de envío: 15/6/07; e-mail: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)).



## **ORIENTACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO**

Os programas de apoio e reforzo a centros en zona de atención educativa preferente (Plan PROA) descansan sobre tres ámbitos de actuación:

- I. A atención directa ao alumnado do centro.
- II. A intervención coas familias.
- III. A relación co seu entorno.

Á súa vez, cada ámbito de actuación materialízase en distintas liñas de traballo, de temática ampla e variada, de tal xeito que poden ser doadamente adaptados a cada contexto e ás súas necesidades. Son os seguintes en cada un dos casos:

### I. Atención directa ao alumnado:

- I.I. Transición educación primaria a educación secundaria.
- I.II. Reforzo educativo complementario.
- I.III. Bibliotecas escolares.
- I.IV. Convivencia escolar.

### II. Intervención coas familias:



II.I. Colaboración familias e centro educativo.

II.II. Mediadores socioeducativos.

IV. Relación co entorno:

III.I. Actividades extraescolares.

III.II. Absentismo escolar.

Os centros educativos, coa súa participación no proxecto PROA, comprométense a traballar en cada un dos ámbitos presentados, seleccionando dúas liñas de actuación de entre as catro posibles no ámbito de atención directa ao alumnado, e unha de cada un dos restantes ámbitos.

A necesaria adaptación que cada centro debe facer destas liñas de actuación para acomodalas ás singularidades que lle son propias, implica que cada centro educativo concrete nun proxecto os aspectos máis significativos do mesmo.

Así, e co fin de axustar as mecánicas de traballo dos diferentes centros participantes no proxecto a un marco común, o proxecto presentado aterase aos seguintes epígrafes:

0. Liñas de actuación seleccionadas.

1. Xustificación do proxecto.



2. Obxectivos.
3. Contidos.
4. Persoa coordinadora e tarefas a realizar.
5. Actividades máis significativas e responsables das mesmas.
6. Temporalización e calendario de actuación.
7. Criterios de avaliación.

A duración do proxecto será a do curso escolar 2006/07.

#### Xustificación do proxecto

Trátase de xustificar a opción realizada dentro de cada ámbito, e de facer unha breve descrición do contexto do centro en relación á escolla realizada.

#### Obxectivos e contidos

O proxecto contemplará algún obxectivo xeral en relación á mellora do centro no seu conxunto, pero ademais cómpre establecer obxectivos específicos para cada liña de traballo ou subproxecto. Non é preciso unha enumeración exhaustiva dos mesmos, pero si é importante que sexan realistas. No caso dos contidos estableceranse en relación aos obxectivos específicos de cada ámbito de traballo.

#### Actividades máis significativas e a súa temporalización.

Cómpre salientar as actividades máis relevantes e as que supoñen algún tipo de innovación sobre o quefacer habitual do centro. Cada subproxecto



terá as súas, e/ou algunhas que poidan ser comúns. O calendario de actuación das mesmas axudará ao seguimento da marcha do proxecto.

### Criterios de avaliación.

Convén establecer dous tipos diferentes de criterios de avaliación. Ao igual que fixemos cos obxectivos e en relación a eles, estableceranse uns indicadores que sirvan para constatar que se conseguiron os obxectivos xerais establecidos para o programa no seu conxunto. Non teñen que ser moitos, pero si clarificadores e que aporten datos cuantitativos e cualitativos da súa eficacia. A continuación propóñense algúns a modo de exemplo:

- A modificación das estratexias de atención á diversidade do centro.
- O establecemento de novos procedementos de coordinación horizontal e/ou vertical.
- A utilización de protocolos de relación cos membros da comunidade educativa, en especial coas familias.
- A proporción de alumnado que obtén resultados globalmente satisfactorios.
- Os resultados do alumnado nas áreas instrumentais.
- O nivel de conflitividade no centro.
- O grao de satisfacción de profesorado, alumnado e familias.
- O grao de implicación das familias.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542

Ademais, tamén cómpre establecer criterios específicos propios do subprograma escollido. Nos anexos apórtanse suxestións sobre o particular.

Os centros participantes no proxecto recibirán unha compensación económica en dúas partes, a primeira delas ao comezo do proxecto, por un importe non inferior a 6.000 euros.



**ANEXO**

**PROGRAMA DE APOIO E REFORZO**

**Curso 2006/07**

**ÁMBITO I: Atención directa ao alumnado**

***1ª LIÑA: facilitar a transición da educación primaria á educación secundaria***

**Descrición**

Con esta liña de actuación preténdese asegurar unha transición fluída do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria, mediante a coordinación dos centros implicados, a adaptación organizativa dos cursos 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO e a atención especial ás familias do alumnado.

**Destinatarios**

Alumnado que cursa 1º e 2º de ESO no centro de secundaria e 5º e 6º de primaria nos centros adscritos, así como as súas respectivas familias.



### **Obxectivos**

- Responder do mellor xeito posible ás necesidades e expectativas do alumnado, por parte do centro de secundaria, dispoñendo de toda a información existente e utilizable sobre os grupos que acceden á ESO.
- Facilitar a continuidade na progresión da acción educativa, integrando a todo o alumnado nos seus novos grupos e na dinámica do centro.
- Dar as respostas adecuadas ao alumnado que poida requirir dun apoio especial derivándoo, se fora necesario, cara outras liñas de actuación e recursos.
- Orientar ás familias sobre a educación secundaria, a organización do centro e sobre as formas eficaces de apoio ao alumnado e de relación co centro.

### ***2ª LIÑA: Reforzo educativo complementario***

#### **Descrición**

Esta liña de actuación vai destinada a mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades na Educación Secundaria Obrigatoria, a través do reforzo en distintos ámbitos: técnicas instrumentais, técnicas de estudo, formas de organización do traballo, etc.

#### **Destinatarios**

Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria seleccionado polo equipo de profesores do centro e o titor/a co asesoramento do orientador ou orientadora, que presenten algún retraso escolar asociado ás dificultades e problemas na aprendizaxe, en particular cando estes teñan que ver con:

Insuficiencia recoñecida nas materias instrumentais.

Baixas expectativas académicas.

Escasa participación nas actividades ordinarias.

Ausencia de hábitos de traballo.



Trátase de alumnado que non logra avanzar adecuadamente só coas actividades ordinarias e requiren dun apoio específico. Son posibles actuacións como as seguintes: agrupamentos, elaboración de materiais específicos, seguimento especializado ao alumnado con necesidades de apoio e tantas outras accións de compensación se consideren para a consecución dos obxectivos propostos. O apoio proporcionarase dentro do horario escolar, engadido á atención educativa propia da aula.

### **Obxectivos**

- Mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, a aprendizaxe de técnicas de estudo, aumentando as expectativas académicas e profesionais dos alumnos aos que se dirixe.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Mellorar o clima xeral do centro e diminuír o grao de conflictividade.

### **3ª LIÑA: Bibliotecas escolares**

#### **Descrición**

Con esta liña de actuación preténdese que as bibliotecas escolares se convertan nun lugar idóneo para o fomento da lectura e de acceso ás diversas fontes de información e ao seu tratamento, ademais dun lugar onde poida traballar o alumnado que non dispón na súa casa de espazo, recursos ou apoio.

#### **Destinatarios**

Alumnado, profesorado e familias dos centros de educación secundaria.

#### **Obxectivos**

- Fomentar a lectura como requisito esencial da aprendizaxe e recurso de gran utilidade para o lecer así como para ás actividades ordinarias.
- Habilitar a biblioteca como lugar de traballo, tanto no horario lectivo como no extraescolar para todo o alumnado, especialmente para os que non dispoñen dun lugar adecuado e os recursos necesarios nos seus respectivos domicilios.



- Ofrecer ao alumnado e ao profesorado información en diferentes soportes e formatos para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias, facilitándolles o acceso a fontes e servizos de información externos.
- Promover, encontros arredor da lectura entre os diferentes sectores da comunidade escolar.

### **4ª LIÑA: Convivencia escolar**

#### **Descrición**

Esta liña de actuación pretende conseguir unha mellora da convivencia nos centros de educación secundaria favorecendo a comunicación e as relacións interpersonais.

#### **Destinatarios**

Alumnado, profesorado e familias dos centros de educación secundaria obrigatoria.

#### **Obxectivos**

- Favorecer no alumnado os principios e valores nos que se sustenta a convivencia democrática.
- Desenvolver e mellorar as habilidades sociais que favorezan a convivencia escolar entre as persoas integrantes da comunidade educativa.
- Impulsar a comunicación entre os membros da comunidade escolar establecendo as canles oportunas.
- Previr condutas problemáticas e aplicar estratexias de resolución de conflitos tales como a mediación, o diálogo, etc.



## **ÁMBITO II. Ámbito de intervención coas familias**

### ***1ª LIÑA: Colaboración entre as familias do alumnado e o centro educativo***

#### **Descrición**

Con esta liña de actuación preténdese fomentar a implicación efectiva das familias no centro, especialmente naqueles aspectos que incidan na mellora da aprendizaxe escolar e no rendemento dos/as seus fillos/as, a través de actuacións de colaboración e apoio por parte do profesorado titor.

#### **Destinatarios**

Familias de alumnado da ESO.

#### **Obxectivos**

- Impulsar a participación das familias no centro escolar, favorecendo as relacións co centro para implicalas no proceso escolar dos seus fillos/as.
- Buscar pautas educativas comúns entre as familias e o centro para afrontar de maneira adecuada o proceso de formación escolar e o desenvolvemento educativo, afectivo e social do alumnado.
- Mellorar a valoración da escola por parte das familias.
- Establecer canles de comunicación sistemática e periódica entre as familias e o centro educativo para darlles a coñecer as actividades escolares do centro e outras de interese para desenvolvemento persoal do alumnado.
- Satisfacer as demandas familiares desde o centro ou a través doutras institucións do entorno.

### ***2ª LIÑA: Mediadores socioeducativos***

#### **1. Descrición**

Esta liña de actuación diríxese a asegurar a intervención de persoas que medien entre os equipos educativos e as familias cando existan barreiras lingüísticas, culturais ou socioeconómicas que dificulten a comunicación e o entendemento entre ambos



sectores da comunidade educativa, coa finalidade de que cooperen mellor no desenvolvemento persoal e educativo do alumnado.

De acordo con elo, os mediadores socioeducativos deben ser persoas que, na medida do posible, reúnan as seguintes características: formación académica imprescindible para coñecer ben os sinais básicos e o funcionamento do sistema educativo español e, en concreto, os dos centros escolares, coñecemento dos sinais culturais fundamentais do grupo social ao que pertence a familia (lingua, relixión, tradicións nacionais ou culturais, etc.) e, por último, que sexan aceptados pola familia como interlocutores.

### **2. Destinatarios**

Equipos educativos e familias de alumnado de procedencia cultural ou lingüística distinta á maioritaria, en centros aos que asiste numeroso alumnado desas características.

### **3. Obxectivos**

- Facilitar a integración social das familias.
- Asegurar e mellorar a comunicación entre as familias e o centro escolar ao que van os seus fillos/as ou alumnos/as ao seu cargo, favorecendo un clima de entendemento entre ambas partes, e en particular co titor/a.
- Desenvolver nos equipos educativos unha sensibilidade intercultural que lles permita comprender os hábitos, valores, etc. destas familias, co obxecto de facilitar unha mellor integración e desenvolvemento persoal do alumnado.

## **ÁMBITO III: Relación co entorno**

### ***1ª LIÑA: Actividades extraescolares***

#### **Descrición**

Esta liña de actuación ten como obxectivo a oferta de actividades culturais e deportivas, con carácter voluntario e en horario de tarde, que contribúan á formación integral do alumnado, que lles axuden a organizar o seu tempo libre e que melloren a súa vinculación co centro. Ditas actividades levaranse a cabo en colaboración con



asociacións do centro, como as ANPAS, o do seu entorno: o Concello, Asociacións de Veciños, ONGs, etc.

### **Destinatarios**

Alumnado do centro de secundaria e, sempre que sexa posible, do último ciclo de primaria dos centros adscritos ao mesmo.

### **Obxectivos**

- Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro, posibilitando o aceso ás actividades culturais e deportivas, para así ampliar o seu horizonte cultural.
- Desenvolver a autoestima dos nenos, nenas e xoves e conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade no seu tempo libre.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.

## ***2ª LIÑA: Absentismo escolar***

### **1.Descripción**

Con esta liña de actuación preténdese diminuír o absentismo escolar desenvolvendo medidas preventivas que favorezan a asistencia regular a clase, modificando o modo de atender ao alumnado que non asistiu durante un período de tempo e favorecendo a relación coas familias dos alumnado en risco de absentismo, así como o establecemento de protocolos que optimicen a rápida intervención ante o problema por parte da familia e do centro.

### **2.Destinatarios**

Alumnado de ESO que presenta absentismo escolar, xa sexa ocasional ou reiterado.

### **3.Obxectivos**

- Previr e controlar o absentismo escolar buscando novas formas de achegamento deste alumnado.
- Establecer novas medidas de atención á diversidade para previr o absentismo.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542

- Estreitar a colaboración coas familias e procurar un cambio na súa actitude ante o absentismo.